



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2024/25 |
|-----------------------|--|--------------------|------------------|-----------|---------|
| Asignatura (*) | Conceptos Xerais de Cirurxía | | Código | 750G02127 | |
| Titulación | | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuadrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 | |
| Idioma | CastelánGalego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Ciencias da SaúdeDepartamento profesorado máster | | | | |
| Coordinación | Martínez Santos, Alba Elena | Correo electrónico | a.msantos@udc.es | | |
| Profesorado | Martínez Santos, Alba Elena | Correo electrónico | a.msantos@udc.es | | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | | |
| Descrición xeral | Infección relacionadas coa asistencia sanitaria: concepto, características, prevención e control en podoloxía. Instrumental quirúrgico. Métodos de limpeza, desinfección e esterilización del instrumental de cirurxía e quiropodología. Prevención de la infección nos actos cirúrxicos. Principios básicos de la historia clínica, protocolo preoperatorio y consentimiento informado. Xestión de residuos en ambientes clínicos e cirúrxicos. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|--|-------------------------------------|--------------------------|------------|
| Coñecer o concepto e características da infección en centros sanitarios | A117 | B26 B35 B38 | |
| Identificar as medidas de prevención e control da infección en podoloxía | A117 | B27 B38 B39 | C15 |
| Describir, identificar e utilizar os antisépticos e desinfectantes de uso xeral en podoloxía | A117 | B26 B27 B35 B38 | C11 C15 |
| Describir e realizar os procesos de limpeza, desinfección e esterilización do material clínico e cirúrxico de podoloxía | A117 | B26 B27 B39 | C11 |
| Describir e realizar as técnicas de lavado de mans hixiénico e cirúrxico no marco da prevención da infección | A117 | B26 B27 B35 B39 | |
| Describir e aplicar as medidas de prevención da infección de localización cirúrxica | A117 | B29 | |
| Xestionar as características ambientais (humidade, temperatura, ventilación, etc) de ambientes clínicos e cirúrxicos no marco da prevención da infección | A117 | B38 B39 | C15 C16 |
| Describir e aplicar as medidas de xestión dos residuos en ambientes clínicos e cirúrxicos | A117 | B35 B38 B39 | C16 |
| Coñecer as características e manexo do instrumental cirúrxico | A117 | | |



| | | | |
|---|------|---------------------------------|------------|
| Coñecer os métodos de toma de mostras para cultivos a súa derivación e interpretación | A118 | B26 B35 B38 B39 | C15 |
| Coñecer a catalogación de risco cirúrxico | A121 | B29 B35 B39 | |
| Coñecer o protocolo preoperatorio e o consentimento informado | A123 | B26 B27 B35 B38 B39 | C11 C15 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Infección relacionada coa asistencia sanitaria: conceptos e características, prevención e control en Podoloxía | <ul style="list-style-type: none"> - Conceptos xerais. - Limpieza y desinfección del medio clínico. - Antisépticos y desinfectantes de uso general en el ámbito clínico. - Normas de utilización y conservación de antisépticos y desinfectantes. |
| Lavado de mans coma medida de prevención da infección hospitalaria | <ul style="list-style-type: none"> - Axentes de lavado. - Métodos de lavado de mans. - Lavado de mans de rutina. - Lavado de mans cirúrxico. - Colocación de luvas estériles (método pechado e aberto). - Preparación do campo estéril. |
| Infección nosocomial relacionada coa ferida cirúrxica | <ul style="list-style-type: none"> - Conceptos xerais. Clasificación das intervencións cirúrxicas. - Etioloxía e factores de risco da infección hospitalaria relacionada coa ferida cirúrxica. - Focos e modos de adquisición da infección. Criterios diagnósticos da infección da ferida cirúrxica. - Preparación do paciente para a cirurxía. - Recomendacións do CDC. - EPINE máis actual. - Lista de verificación cirúrxica. |
| Catalogación do risco cirúrxico | <ul style="list-style-type: none"> - Criterios de selección de doentes e clasificación ASA. - Criterios de cirurxía maior ambulatoria (CMA) e curta estancia |
| Limpeza, desinfección e esterilización do material clínico | <ul style="list-style-type: none"> - Introducción ao proceso de limpeza. - Execución do proceso de limpeza. - Conservación do material e comprobación do seu funcionamento. - Métodos de envasado para a esterilización. - Métodos de esterilización. - Sistemas de control. |
| Hixiene do medio sanitario | <ul style="list-style-type: none"> - Limpieza e desinfección do entorno sanitario. - Contornas cirúrxicas. - Xestión dos residuos sanitarios. |



| | |
|--|---|
| Enfermidades infecciosas no ámbito sanitario | <ul style="list-style-type: none"> - Precaucións universais de prevención da infección no personal sanitario - Síndrome de Inmunodeficiencia Humana - Hepatite B - Hepatite C - Tuberculosis - Enfermidade de Cretzfeldt-Jakob - Outras enfermidades contaxiosas - Enfermidades de declaración obrigatoria - Prevención das enfermidades infecciosas - Clasificación de riscos laborais |
| Instrumental cirúrxico | <ul style="list-style-type: none"> - Qué é y qué non é o instrumental cirúrxico. - Composición, características e fabricación do instrumental cirúrxico. - Clasificacións do instrumental cirúrxico. - Identificación e manexo do instrumental cirúrxico. - Coidados do instrumental |
| Toma de mostras para cultivos | <ul style="list-style-type: none"> - Procedimento de obtención de mostras. - Protocolo de pedido, manexo, conservación e transporte de mostras. |
| Protocolo preoperatorio e consentimento informado | <ul style="list-style-type: none"> - Historia clínica. - Protocolo e avaliación cirúrxica preoperatoria. - Consentimento informado. |
| Módulo práctico I: Preparación prequirúrgica | <ul style="list-style-type: none"> - Lavado cirúrxico de mans. - Colocación de luvas estériles (técnicas cerrada y aberta). - Vestimenta cirúrxica. - Circulación bloque quirúrgico |
| Módulo práctico II: Esterilización de instrumental | <ul style="list-style-type: none"> - Limpeza, descontaminación e empaquetado - Esterilización por vapor - Controis de eficacia |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A117 A118 A121 A123 B27 B29 B38 C16 | 21 | 22 | 43 |
| Obradoiro | A118 A121 A123 C11 | 2 | 20 | 22 |
| Aprendizaxe colaborativa | A118 A121 A123 B26 B35 B39 C15 C11 | 12 | 14 | 26 |
| Prácticas de laboratorio | A117 A118 | 9 | 9 | 18 |
| Proba obxectiva | A117 A118 A121 A123 | 2 | 38 | 40 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Os contidos teóricos básicos da materia serán impartidos mediante lección maxistral, pero cun enfoque participativo por parte do estudante. |



| | |
|--------------------------|---|
| Obradoiro | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado. |
| Aprendizaxe colaborativa | Desenvolvemento dunha ou máis actividades e un traballo tutelado de modo colaborativo relativo aos contidos da materia, non só sumando talento individual, se non aprendendo a construír un grupo con capacidade para resolver problemas, localizar información baseada na última evidencia e ofrecer respostas creativas ante os novos escenarios que poidan atopar. |
| Prácticas de laboratorio | Usarase a metodoloxía de aprendizaxe práctica-reflexiva para a realización obrigatoria das prácticas da materia. |
| Proba obxectiva | Exame teórico presencial con 40 preguntas tipo test. A proba será elaborada co fin de valorar o nivel de coñecementos teóricos do estudante. Por iso este exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os contidos desenvolto tanto nas sesións maxistras, como nos talleres e nas prácticas de laboratorio e que serán publicados no Campus Virtual da materia. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|---|
| Aprendizaxe colaborativa | A atención personalizada serve para o seguimento da aprendizaxe de cada estudante por parte do profesorado. |
| Proba obxectiva | A través da titoría (presencial ou a distancia), o profesorado aborda a resolución de dúbidas e orienta ao estudo. |
| Prácticas de laboratorio | A tal fin, o alumnado dispón dun horario oficial de titorías, que poderán realizarse de modo presencial ou a través dos medios institucionais da UDC de atención a distancia. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|------------------------------------|--|---------------|
| Obradoiro | A118 A121 A123 C11 | Avaliarase en función da asistencia activa nos mesmos e do desenvolvemento das tarefas. | 10 |
| Aprendizaxe colaborativa | A118 A121 A123 B26 B35 B39 C15 C11 | A realización do traballo tutelado e actividades é obrigatorio. Valorarase: adecuación ao guión solicitado, integración de coñecementos teóricos básicos na aplicación práctica, estilo, bibliografía e grado de implicación de cada ún dos membros do equipo de traballo durante o desenvolvemento dos mesmos nas sesións interactivas. | 15 |



| | | | |
|--------------------------|------------------------|---|----|
| Proba obxectiva | A117 A118 A121 A123 | Exame con 40 preguntas tipo test. INSTRUCCIÓNS DO EXAME TEST: -Cada pregunta test respondidas de forma incorrecta descontará o valor de 1/3 dunha pregunta correcta. En cada pregunta test só hai unha resposta totalmente correcta. NORMAS XERAIS DO EXAME: - Depositar carteiras, maletíns, bolsos, abrigos, apuntamentos e dispositivos electrónicos (incluíndo teléfonos móbiles e reloxos de calquera tipo) nos percheros e mesas do fondo da clase. - Non portar pantalóns curtos nin saias e levar pelo recolleito, cos pavillóns auditivos visibles. - Durante o exame na mesa só deberán de estar o exame, a tarxeta identificativa do estudante (DNI ou tarxeta UDC) e un máximo de 2 bolígrafos azuis non borrables. - A copia e o acceso con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles (incluíndo teléfonos móbiles, auriculares e reloxos de calquera tipo) será causa suficiente de expulsión da proba o que implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia (en ambas as oportunidades). - Non escribir baixo ningún concepto na mesa nin mobiliario da aula. - Poderánse ampliar estas normas para asegurar o axeitado desenvolvemento da proba, sempre e cando se notifiquen previamente polo campus virtual. | 60 |
| Prácticas de laboratorio | A117 A118 | Avaliarase o proceso de aprendizaxe práctica-reflexiva de xeito individual ou colectivo, en función da práctica. | 15 |

Observacións avaliación



Para superar a materia é necesario obter unha media de 5 sobre 10 na cualificación global da materia, asistir e superar a totalidade das prácticas de laboratorio, superar as tarefas propostas e a proba obxectiva. Por tanto, se non se supera algunha das partes, non se sumarán as cualificacións relativas ao resto de apartados e a cualificación será "SUSPENSO", cunha nota numérica igual á parte suspensa, ou en tal caso á media das partes suspensas.

Non presentado: aqueles estudantes que non acudan á totalidade das prácticas, obterán a cualificación de non presentado, independentemente de se o alumno preséntase ou non a proba obxectiva e a cualificación na mesma.

Matricula Parcial: O alumnado debe informar o profesorado desta situación como moito ata un mes despois do inicio das clases. Neste caso o estudante poderá avaliarse pola modalidade ordinaria ou pola modalidade alternativa na que a proba obxectiva supoñerá o 60 %, as prácticas de laboratorio o 20% e a aprendizaxe colaborativa o 20% (que nese caso farase de xeito individual). Sendo necesario superar o exame e a totalidade das prácticas para superar a materia.

Dispensa académica: O alumnado debe informar o profesorado desta situación como moi tarde un mes despois do inicio das clases. Neste caso a porcentaxe de asistencia aos seminarios e clases será levado á proba obxectiva, polo que a proba obxectiva supoñerá o 70 %, as prácticas de laboratorio o 20% e a aprendizaxe colaborativa (que neste caso realizarase individualmente) o 10%. Sendo necesario superar o exame e a totalidade das prácticas para superar a materia.

Matricula de Honra: poderá adxudicarse a aqueles estudantes cunha cualificación igual ou superior ao 90% do total da materia con cualificación de sobresaliente tanto na práctica de laboratorio como na proba obxectiva, quedando en todo caso, a criterio do profesorado da materia. No caso de que haxa cualificacións iguais que cumpran os requisitos nun número superior á posibilidade de MH realizarase un exame oral de 5 preguntas.

Segunda oportunidade: O alumno presentado a 2ª oportunidade previa realización e superación das prácticas de laboratorio, aplicaranse os mesmos criterios e porcentaxes que na primeira oportunidade, e terá que realizar e superar a proba obxectiva. O alumnado que non realizou e superou as prácticas de laboratorio, para superar a materia terá que realizar obrigatoriamente e superar estas prácticas no seguinte curso académico, tendo en conta que pode volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só as partes que non realizou e as que non superou con apto.

2ª e posteriores matrículas: O alumno que cursase a materia un ano e non supere a materia, gardaráselle as notas das partes superadas tendo que repetir as partes non superadas.

PLAXIO

En caso de plaxio, aplicarase o seguinte:

Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado/a con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Romero Martín, Manuel; et al (2006). Prevención de la infección en centros sanitarios. Ferrol. Imprenta Gonmar - Romero Martín, Manuel; et al (2000). Técnicas y procedimientos de prevención de la infección en centros sanitarios. A Coruña - Serra Guillén, I., Moreno Oliveras, L. (). Manual práctico de instrumentación quirúrgica en enfermería. Elsevier - Fuller, J. (2023). Instrumentación quirúrgica : principios y práctica. Médica Panamericana - Gutiérrez López, E (Coord.) (2017). Higiene del medio hospitalario y limpieza de material. Editex - (2023). Estudio de Prevalencia de la Infección Nosocomial en España (EPINE). Sociedad Española de Medicina Preventiva y Salud Pública - (). Normas y procedimientos de los CDC . - (). Normas y procedimientos de la OMS. - (). Salusplay. - (). Colexio Oficial de Podólogos de Galicia. - (). Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos. - (). Sociedad Española de Desinfección y Esterilización. - (). Plan Nacional de Resistencia a Antibióticos. España <p>Normas y procedimientos actualizados en prevención de la infección en centros sanitarios del Ministerio de Sanidad.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases Biolóxicas e Físicas do Movemento Humano/750G02106

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Microbioloxía e parasitoloxía /750G02107

Materias que continúan o temario

Cirurgía Podolóxica Avanzada/750G02130

Cirurgía Podolóxica 2/750G02129

Cirurgía Podolóxica 1/750G02128

Observacións

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol". A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de realizarse en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria. **POLÍTICAS DE XÉNERO** Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías